



Denominación do título	Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría
Campus	Campus de Elviña - A Coruña
Centro de adscrición	Facultade de Dereito
Coordinador/a	María Victoria Dios Vieitez victoria.dios.vieitez@udc.es 881011521
Universidades e outros organismos participantes	Universidade da Coruña ICACOR (Ilustre Colexio de Avogados de A Coruña) a través da Escola de Práctica Xurídica "Decano Igrexas Corral". Ilustre Colexio de Procuradores da Coruña.
Créditos	90 créditos – Modalidade presencial
Idiomas de impartición	Español/Galego
Páxina web	https://estudios.udc.es/gl/study/detail/4553V01 https://www.udc.es/gl/dereito/estudios/mestrados/mestrado-en-avogacia/

PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

70 prazas.

REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

Requisitos xerais:

Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).
- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.



- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)

Requisitos específicos:

Máster universitario que habilita para o exercicio de profesión regulada. As persoas tituladas de sistemas educativos alleos ao EEES que soliciten o acceso a másteres universitarios oficiais que lles habiliten para exercer unha profesión regulada, deberán ter necesariamente o título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente.

- Titulación requirida: título universitario oficial de licenciatura o de grao en Dereito, nos termos que establece o RD 64/2023, de 8 de febreiro, no seu artigo 3.
- Currículum vitae.
- O estudantado procedente de países con idioma oficial distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

O estudantado matriculado no Máster en Avogacía e Procuradoría ten a posibilidade de realizar, de forma simultánea, un curso sobre Common Law en Fordham Law School (New York).

O estudantado matriculado no Mestrado en Avogacía e Procuradoría ten a posibilidade de realizar un semestre na universidade de Widener (Delaware) para a consecución do Masters of Law (LLM) da devandita universidade.

Criterios de admisión:

O procedemento de admisión será responsabilidade da Comisión de Selección do Máster, que terá a composición e funcións determinadas na Normativa de Xestión Académica. Polo que se refire aos criterios de admisión, atenderase aos principios de concorrencia, igualdade, capacidade e mérito.

Terase en conta como criterio preferente o expediente académico dos/as alumnos/as. Ademais, poderase atender para a selección ao curriculum vitae, existindo a posibilidade de realizar unha entrevista persoal no suposto de que o acorde a Comisión, que non será eliminatória pero que servirá para dirimir empates ou resolver situacións excepcionais.



Requisitos xerais da documentación:

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.
- Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información [aquí](#).
- Todos os documentos serán copias compulsadas.
- Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsas.
- A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.